

GALEGO

Nome: 5ª andaina polo roteiro de sendeirismo Porta do Cañón do Sil (Ribeira Sacra), 2023.

Lugar: Concello de Xunqueira de Espadanedo (Ourense).

Data: 25 de xuño.

Inscrición: ata o 22 de xuño ás 12 da noite

Prezo: ata o 5 de xuño, **9 euros**. Desde esa data ata o 22 de xuño, **12 euros**

Amig@s andareg@s:

Temos a inmensa honra de presentarvos a 5ª andaina polo roteiro de sendeirismo Porta do Cañón do Sil (Ribeira Sacra), 2023. Ten un percorrido de 17,21 km. Trátase dunha andaina que combina a actividade deportiva coa cultural. Está situada en plena Ribeira Sacra. Segue un itinerario recentemente sinalizado e acondicionado polo concello de Xunqueira de Espadanedo. No traxecto conta con varios carteis de información. Dispón de dous miradoiros que mostran unhas excelentes vistas, e unhas paisaxes excelsas. O inicio e final do percorrido é o mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo, un dos máis destacados da Ribeira Sacra.

Así mesmo, nesta edición incluimos un roteiro menor de 8,55 quilómetros, máis accesible para todos os públicos. O roteiro grande conta con dous aprovisionamentos e a pequena cun.

O obxectivo é fomentar o patrimonio natural e histórico do noso municipio, o sendeirismo, a vida sa e valores como o compañeirismo, o esforzo e o respecto pola natureza. Recomendámosche ler detidamente a información na web: así como a que recibas no teu e-mail. Poderás inscribirche (desde o 13 de abril ata o 22 de xuño) na nosa web a través da plataforma de pago, primando as inscricións feitas con antelación.

Agradecemos aos voluntari@s, casas comerciais, medios de comunicación, Deputación Provincial de Ourense, Axencia de Turismo de Galicia, Concello de Xunqueira de Espadanedo, e a ti a túa segura participación.

Desexamos que goces da proba e teñas unha boa estancia en Xunqueira de Espadanedo.

Saúdos

ORG.: ASOC OS XUNCOS & CONCELLO DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO (OURENSE)
REGULAMENTO: ROTEIRO DE SENDEIRISMO PORTA DO CAÑÓN DO SIL 2023

- A andaina polo roteiro de sendeirismo Porta do Cañón do Sil é unha proba deportiva e cultural, non competitiva, ten dúas opcións: Roteiro Porta Canon Do Sil de 17,21 Km e unha Andaina alternativa de 8,55 km, organizada pola asociación os Xuncos e o Concello de Xunqueira de Espadanedo.

- A organización poderá facer as modificacións que sexan necesarias, para o correcto desenvolvemento da proba. En caso de forza maior podería chegar a suspendela.
- No caso de anulación da proba por forza maior ou cambiala para outra data, no caso que alguén o solicite, realizáse un reembolso da inscrición.
- Se estando a proba en marcha, as condicións meteorolóxicas vólvense adversas, a organización pode realizar as modificacións que aprecie necesarias no percorrido ou mesmo suspendela. Neste caso os dereitos de inscrición non serán devoltos, así mesmo tampouco se fará responsable das decisións que a título persoal tomen os participantes como consecuencia da suspensión da mesma
- A organización resérvase o dereito de poder retirar aos participantes que entenda non se atopen nas condicións físicas para finalizar a proba, aos que teñan comportamento antideportivo, ou aos que non cumpran o regulamento, así como aos que non respecten o medio ambiente.
- Tempo máximo pa realizala ruta de 5:30h dende o comezo da mesma.
- A organización subscribirá un seguro de accidentes para todos os participantes da proba.
- Os participantes deberán seguir as indicacións dos organizadores.
- Os participantes deberán socorrer aos accidentados que necesiten axuda, así como avisar ao teléfono da organización dos contratempos ou incidencias que se atopen durante o evento.
- Os participantes autorizan á organización á gravación da súa participación, e dan o seu consentimento para que a súa imaxe sexa utilizada para a promoción e difusión da proba en todas as súas formas (radio, prensa, vídeo, foto, internet, cartelería, medios de comunicación, etc.) e cede todos os dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que consideren oportuno executar, sen dereito pola súa banda de recibir compensación económica algunha.
- Infórmase os participantes que os tramos do percorrido que vaian por estradas, rúas, aldeas non estarán cortados ao tráfico rodado, debendo gardar as normas vixentes de Tráfico ou as indicacións da organización.
- Os participantes menores de idade deberán ir acompañados por un familiar ou titor, que serán os seus responsables mentres estean a facer a proba.
- Os participantes só poderán recoller un dorsal. A súa entrega será persoal.
- A entrega de dorsais será no lugar da saída: o mesmo día da proba, domingo día 25 de xuño de 08:00-08:45. Só aceptaranse inscricións que estean ao día nos pagos.
- Todos os participantes deberán levar o dorsal nunha zona visible pola organización.
- A proba constase dun roteiro longo con dous aprovisionamentos no percorrido máis o da meta. Na proba curta, un aprovisionamento no percorrido mais un na meta.
- Os participantes aceptan que o importe da inscrición non será reembolsable en ningún dos casos.
- Non se permite realizar a proba correndo, a organización non se fará cargo das posibles lesións nin accidentes se se realiza deste xeito.
- Cada participante debe ser consciente da distancia e dificultade de cada unha das probas, que pode ser baixo posibles condicións climatolóxicas de frío, choiva ou vento. Por tanto, deberán levar indumentaria e calzado apropiado
- A celebración deste evento e o seu formato, queda condicionado pola evolución da pandemia e o protocolo no momento da celebración.

- Declaro que son consciente dos riscos que implica a participación nesta actividade pola covid19, que asumo baixo a miña responsabilidade
- No caso de abandono voluntario deberá ser nos aprovisionamentos sempre que sexa posible, para trasladalo á zona de meta
- O participante exime á organización de responsabilidade por perda ou deterioración de obxectos persoais, roupa, calzado...durante a proba
- O feito de facer a inscrición conleva que todos os participantes asumen os riscos da proba e aceptan as condicións da organización.

Asociación os Xuncos, 2023